

de decembro), no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Cee, 12 de xaneiro de 2009.

Francisco José Pazos Soto
Director xerente do Hospital Virxe da Xunqueira

Resolución do 12 de xaneiro de 2009, da Dirección Xerencia do Hospital Virxe da Xunqueira, pola que se convoca a cobertura dun posto de xefatura de grupo da Área de Dirección.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

En desenvolvemento do citado decreto, ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, o director xerente do Hospital Virxe da Xunqueira, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Convocar, para a súa cobertura polo procedemento de libre designación, a cobertura dun posto de xefatura de grupo auxiliar administrativo da Área de Dirección (N-C2-01), así como aprobar e publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (<http://www.sergas.es/>) e nos taboleiros de anuncios deste hospital as bases que rexerán esta convocatoria (anexo I), o modelo de solicitude de participación (anexo II) e as características e funcións do posto convocado (anexo III).

As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan segundo a orde da Consellería de Economía e Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

No procedemento da provisión da praza que se convoca resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (BOE do 17 de decembro), no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Cee, 12 de xaneiro de 2009.

Francisco José Pazos Soto
Director xerente do Hospital Virxe da Xunqueira

Resolución do 12 de xaneiro de 2009, da Dirección Xerencia do Hospital Virxe da Xunqueira, pola que se convoca a cobertura de provisión de postos de xefe de grupo das distintas áreas deste hospital.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

En desenvolvemento do citado decreto, ditouse a orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, o director xerente do Hospital Virxe da Xunqueira, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen